

Un robot pequeno



Un robot pequeno

Paco Martín

Ilustracións de Manolo Uhía

Título:

Un robot pequeno

Autor:

Paco Martín

Ilustrador:

Manolo Uhía

Editorial:

Xerais

Colección:

Merlín

Nº páxinas:

48

ISBN:

84-9782-270-6

Idade:

De 7 anos en diante

XERAI



o autor

Paco Martín

Nace en Lugo en 1940.

Mestre desde 1961 ata o ano 2000.

Director do suplemento *Axouxere* (semanario do neno galego) publicado no xornal *La Región* de Ourense nos anos 1974 e 1975. Autor de libros de texto de galego.

Membro do consello de redacción de *A trabe de ouro*.

Columnista periódico en *El Progreso* de Lugo e *Diario de Pontevedra*.

Conta cunha ampla obra narrativa traducida a diversas linguas: *Muxicas no espello* (1971); *No cadeixo* (1976); *E agora cun ceo de lama* (1981); *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), Premio Barco de Vapor (1984), Premio Losada Diéguez de creación (1985), Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (1986), Lista de Honra de IBBY (1986); *Lembranza nova de vellos mesteres* (1988), incluído nos White Ravens de 1990; *Servando I rei do mundo enteiro* (1990); *Dende a muralla* (1990), relatos; *O vagón que perdeu o tren. O xardín* (1991); *A, se cadra, verdadeira historia do Basecus Anxeliño Viltroteira* (1992); *Tres historias para ler á noite* (1992); *Pierre* (1993); *Dous homes ou tres* (1993); *Andanzas e amizades dun robot pequeno* (1994); *Autovía* (1994); *Un reguiño na Terra Cha* (1995); «O estadio», relato incluído en *Berra liberdade* (1996); «O lume novo», relato incluído na *Antoloxía do conto galego de medo* (1996); *Medio burato* (2000), *Auga para encher un cesto* (2002).

Tamén recibiu o Premio Santiago de TVE (1987) e o Primeiro Premio Puro Cora de xornalismo 1994.

o ilustrador

Manolo Uhía

Nace na década dos corenta en Portonovo.

É pintor e traballa no eido do deseño e a publicidade.

É un dos ilustradores de libros para nenos e nenas máis coñecidos en Galicia.

Conta con máis de noventa títulos, entre os que podemos citar *Memorias dun raposo*; *Contos de animais I*; *A pantasma da torre*; *Cuco, cuquelo, ¿que tes no farde-lo?*; *Andanzas e aventuras dun robot pequeno*; *Eu conto, ti cantas...*

Destaca tamén como escritor con obras como *¡Piratas na buguina!*; *O anel*; *Pinturiño*; *O rato que lle puxo o cascabel ao gato...*

o libro

Esta é a historia dun robot pequeno que está programado para que só poida comunicarse con seres humanos que teñen menos de once anos.

Construírono Sabela e Fermín nun laboratorio. Ás veces, os domingos pola mañá decide saír facer algunha que outra trasnada.

Un día coñece a María no portal da súa casa, cando esta lle vai mercar o xornal ao seu pai. Acompañaa e fanse amigos mentres lle conta os seus sentimentos e de onde vén. Case namora dela pero, ao final, decide chamar a Fermín para que o leve de novo ao laboratorio.

Outro día decide facer unha viaxe en tren. Neste caso contará coa axuda de Brais, que vai cara a Monforte coa súa madriña.


temas e valores



Os robots. Seres de intelixencia artificial



Os nenos e nenas como cómplices dos seres maravillosos



Viaxes en tren



As escapadas dun robot en domingo pola mañá



Amores imposibles, entre un robot e unha moza



actividades

Antes da lectura

- Baseándonos no que podemos observar nas capas, imos adiantando o contido do libro. Imaxinamos que historia se pode contar con este título e que nos suxire a ilustración da portada. Falamos do que sabemos sobre robots.
- Buscamos os datos do autor e do ilustrador e completámoslos con todo o que saibamos deles, outros libros da súa autoría e o que nos contan no apartado «Cando o autor fala de si».
- Manipulamos o libro tentando afacernos a el, observando as diferentes partes das que consta, facéndonos preguntas sobre o ano en que se publicou, o número da páxinas e capítulos, buscando a foto do autor, vendo nos títulos doutros libros desta colección aqueles que xa limos, etc.

Ao longo da lectura

- Lemos a dedicatoria e pensamos na historia que pode agacharse detrás dela. Conxecturamos sobre quen poden ser esas persoas.
- Ideamos a dedicatoria do noso primeiro libro.
- Observemos as ilustracións; expliquémolas; seleccionemos aquelas que nos gusten máis.
- O primeiro parágrafo do relato podería servirnos como titular dunha noticia de prensa: «Hai poucos días unha nena atopou un robot pequeno na porta da súa casa». Escribamos o desenvolvemento desa nova para publicar nun xornal.
- Todo neno e todo robot debe saber o seu enderezo en caso de perderse. Cada un debe escribir o seu ou dicilo en voz alta.
- Busquemos os erros:
 - Paco Martín é de Pontevedra.
 - Traballou en Asturias e Euskadi.
 - É mestre.
 - Este foi o único libro que escribiu.
 - Gústalle moito ler, así como contar e escoitar historias.
- Conforme avanzamos na lectura, imos coñecendo os diferentes personaxes desta novela. Vaíamos tomando nota para poder describilos ao final.

actividades

- Contestemos:
 - ¿Quen é o protagonista desta novela?
 - ¿Quen conta a historia?
 - ¿A onde ía María cando atopou o robot?
 - ¿Cal é a razón para que o robot non se poida comunicar con maiores de once anos?
 - ¿Por que non está programado para chorar o robot?
 - ¿En que se nota que o robot está atufado?
 - ¿E que ten vergoña?
 - ¿Como subiu o robot ao tren?
 - ¿Con quen viaxa Brais?
 - ¿Por que non poden meterse os robots na auga?
 - ¿Cal é o número de teléfono no que podemos atopar ao robot?
 - ¿Que ves pasar pola xanela cando viaxas?
- Poñámoslle título a cada un dos capítulos, unha vez lidos.
- A esfera do reloxo da estación ten números romanos. Debuxémola con eses números e cos árabes. «Son as nove menos vinte», dixo a muller. Esa é a hora na que debemos poñer ambos os reloxos.
- Vaiamos facendo un vocabulario con todas aquelas palabras que nos resultan de difícil comprensión; conforme poidamos, iremos colocándolles o significado que inferimos polo contexto ou buscamos no dicionario.
- Realicemos un resumo do primeiro capítulo contando a amizade da nena e o robot.
- Inventemos, agora, a historia dun robot namorado dunha moza.
- Completemos o seguinte texto enchendo os baleiros coas palabras que aparecen debaixo:

Hai poucos _____ unha _____ atopou un _____ pequeno na _____ da súa _____. Era _____ pola _____.

(Nena, días, casa, mañá, porta, domingo, robot)

- Convertémonos en detectives e buscamos neste libro o título doutra novela de Paco Martín e cinco nomes de xogos que se practicaban cando o autor era novo.

actividades

- Busquemos un diálogo, unha narración e unha descrición no texto.
- Nunha das súas aventuras, o robot esquece o teléfono de Fermín e non sabe como volver. Debemos pensar como axudarlle a atopar o seu laboratorio fogar: unha da maneiras podería ser escribindo un anuncio por palabras para o xornal de forma que Sabela e Fermín poidan dar con el; outra, por medio dun cartel, para atopar a Sabela e Fermín. Non só lle imos axudar nós ao robot, el tamén colaborará connosco, pero debemos dicirlle como. Fagámoslle varias propostas.
- Deseñemos un marcador de lecturas axeitado a este libro. ¿Que vos parece con forma de robot? ¿Ou mellor de tren?
- Realicemos robots coa técnica da colaxe ou, tamén, en tres dimensións, aproveitando materiais de refugallo.
- A relación cun robot é moito máis interesante que cunha boneca. ¡Imaxinémoslo!
- Ademais dos robots, hai outros seres que tamén se entenden mellor cos nenos e as nenas que cos adultos. Lembremos quen son e cales son as súas aventuras.

Despois da lectura

- Continuemos escribindo as aventuras deste pequeno robot cando fai as súas escapadas os domingos pola mañá.
- Tamén podemos escribir a súa vida nos días ordinarios, cando está no laboratorio con Sabela e Fermín.
- Leamos *Andanzas e amizades dun robot pequeno*.
- Realicemos unha ilustración que complete as do libro.
- Escribamos un poema tal como pensamos que o podería facer o robot.
- Busquemos outros libros de Paco Martín.
- Entrevistemos ao robot para a revista do colexio.
- Se localizamos, na biblioteca, libros ilustrados por Manolo Uhía, podemos mostralos como se estivésemos facendo unha exposición dese artista.
- Escribamos a nosa opinión argumentada sobre o libro.
- Localicemos outros libros que traten de robots.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2006
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006
Depósito legal: VG. 76-2006